

Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA VINTE E NOVE DE MAIO DE 2017. EXPTE. 3217/2017.

ASISTENTES:

D^a. MARÍA LOUREIRO GARCÍA
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
D^a. LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARILUZ BALSA RÁBADE

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 29 de maio de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros D. Jesus Antonio Fernández Cal e D^a. María Isabel Rodríguez López.

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 22-05-17.

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión celebrada o día 22 de maio de 2017.

2.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.



Concello de Viveiro

EXPTE. 2109/2017.- ASIGNACIÓN DE NÚMERO.

Visto o escrito de D. Julio Cociña Martínez, e domicilio a efectos de notificación na R/ Iglesia, nº 4, Covas, en Viveiro, no que solicita a asignación de número para a vivenda da súa propiedade de nova construción situada no lugar de Lapido, parroquia de Covas, en Viveiro.

Visto o informe emitido polo Departamento de Estatística, de data 22 de marzo de 2017, no que se sinala que segundo o libro de numeración existente, o último número asinado é o 17, polo que lle correspondería: LAPIDO, Nº 18, COVAS.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da encargada do negociado de Estadística, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Asignarlle á devandita vivenda o seguinte número de goberno: LAPIDO, Nº 18, COVAS.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Estadística para a súa notificación ó interesado.

3.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

EXPTE. 2100/2017.- LICENZA URBANÍSTICA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a. Catalina Fernández Mendez para executar obras de REHABILITACIÓN INTEGRAL DE VIVENDA UNIFAMILIAR ENTRE MEDIANEIRAS sita na rúa MELITÓN CORTIÑAS Nº 42 no casco antigo de Viveiro de referencia catastral 3353527PJ1335S0002WP.

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Proxecto técnico asinado pola arquitecta, D^a. Susana Pérez Pereiras, visado polo COAG o 8 de marzo de 2017 co número 1701314,2, e oficio de dirección facultativa a favor da citada arquitecta.
- Reportaxe fotográfica das fachadas exteriores do inmovible e do seu interior.
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

Visto o informe técnico favorable emitido pola apareladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

No informe técnico sinalase que a clasificación do solo é urbano consolidado. A vivenda unifamiliar donde se pretende realizar as obras está situada no nº 42 da rúa Melitón Cortiñas, coa referencia catastral 3353527PJ1335S0002WP. Non necesita informe sectorial de Patrimonio debido a que non está dentro da área de protección de ningún ben de interese cultural. As obras a realizar consisten na rehabilitación integral de vivenda unifamiliar entre medianeiras. Proxecto asinado pola arquitecta, D^a. Susana Pérez Pereiras. Respecto ao

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

cumprimento da normativa urbanística, sinálase que, segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre coa normativa urbanística e o proxecto para a rehabilitación do inmovible xustifica e pide excepcionalidade no cumprimento das normas de habitabilidade de Galicia (Decreto 29/2010 de 24 de marzo) debido ás dimensións da parcela. Pídese a excepcionalidade que se informa favorablemente nos seguintes puntos:

- Iluminación e ventilación, altura mínima de forxado, ancho mínimo de paramentos enfrentados, existencia de lavadoiro, superficie mínima da estancia maior, superficie mínima de baño.

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

- De conformidade co disposto no artigo 142.2 letra c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG), as intervencións en inmovibles declarados BIC ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.

- Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que, no punto 1.3 do Anexo regula a ordenanza de solo urbano da zona antiga de Viveiro, de aplicación aos terreos incluídos no ámbito territorial do PEPRI.

De acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorable dos servizos técnicos municipais que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións da ordenanza aplicable.

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a D^a. Catalina Fernández Méndez, licenza urbanística para executar obras de REHABILITACIÓN INTEGRAL DE VIVENDA UNIFAMILIAR ENTRE MEDIANEIRAS sita na rúa MELITÓN CORTIÑAS N^o 42 no casco antigo de Viveiro de referencia catastral 3353527PJ1335S0002WP, de acordo co proxecto técnico asinado pola arquitecta, D^a Susana Pérez Pereiras, visado polo COAG o 8 de marzo de 2017 co número 1701314,2, e baixo a súa dirección facultativa.

Concello de Viveiro

Segundo.- As condicións ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, deberá solicitar e obter a previa autorización municipal.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.
- O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.
- A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

4.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

EXPTE. 3179/2017.-

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas.

Concello de Viveiro

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente **3179/2017**.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 2967/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte 2967/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 9 de maio de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Xenera Compañía Eléctrica SA**, por un importe total de **199,63 €**, que constan no expediente 2967/2017.

Resultando que en data 22 de maio de 2017, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparto formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 199,63 €.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos, e por non existir contrato administrativo vixente segundo se deduce das resolucións de levantamentos de reparo de facturas enerxía eléctrica expedientes Aldro (III) e Xenera (I) asinadas en data 12 de abril de 2017.

Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa Xenera Compañía Eléctrica SA, referidas ao subministro de enerxía eléctrica, e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrencia e publicidade.

Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrencia e publicidade, que abrangan todos os subministros existentes.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes.

Concello de Viveiro

III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente **2967/2017**.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 2968/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte 2968/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 9 de maio de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Aldro Enerxía y Soluciones SL**, por un importe total de **28.103,21 €**, que constan no expediente 2968/2017.

Resultando que en data 22 de maio de 2017, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparto formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 28.103, 21€.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetivos, e por non existir contrato administrativo vixente segundo se deduce

Concello de Viveiro

das resolucións de levantamento de reparo de facturas enerxía eléctrica expedientes Aldro (III) e Xenera (I) asinadas en data 12 de abril de 2017.

Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa Aldro Energía y Soluciones SL, referidas ao subministro de enerxía eléctrica, e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrencia e publicidade.

Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrencia e publicidade, que abranga todos os subministros existentes.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes.

III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente **2968/2017**.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 2976/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte 2976/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 9 de maio de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Servicios Sociais San Roque SL**, por un importe total de **23.687,40 €**, que constan no expediente 2976/2017.

Resultando que en data 22 de maio de 2017, por parte de Alcaldía se

Concello de Viveiro

procedeu ao levantamento do reparto formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 23.687,40 €.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo provedor.

Tendo en conta que o servizo de axuda no fogar constitúe un servizo básico e indispensable para a cidadanía e que por parte deste Concello se están a levar a cabo as actuacións necesarias en aras a poder proceder á realización dun expediente de contratación para a prestación do servizo, como resulta ser a necesidade de consignación orzamentaria, necesaria para poder aprobar o referido expediente. Este Concello, en tanto non estea rematado o devandito expediente de contratación, non pode prescindir da prestación deste servizo (que implicaría a desatención de necesidades sociais e básicas dunha parte importante da cidadanía).

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta que se están a levar a cabo as actuacións necesarias e previas para poder aprobar o expediente de contratación para a prestación deste servizo.

II. Tendo en conta o Servizo de Axuda no Fogar constitúe un servizo necesario e indispensable para a cidadanía do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter a súa prestación.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 2976/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

Concello de Viveiro

EXPTE. 2978/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte 2978/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 9 de maio de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Limpiezas Viveiro SLU**, por un importe total de **544,50 €**, que constan no expediente 2978/2017.

Resultando que en data 22 de maio de 2017, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparto formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 544,50 €.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo acreedor.

Tendo en conta que neste momento xa se está a tramitar, no Departamento de Contratación, o expediente para licitar o servizo de limpeza de diversos edificios municipais do Concello de Viveiro, atopándose redactado a día de hoxe un borrador do prego de cláusulas administrativas particulares, que precisa de varias modificacións.

Resultando que o Concello non pode prescindir do servizo de limpeza, que debe continuar realizándose mentres non se remate o expediente de contratación iniciado.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta que xa se atopa en tramitación o expediente de contratación para o servizo de limpeza.

III. Tendo en conta que este servizo resulta indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se remate o oportuno expediente de contratación, é preciso continuar coa súa prestación.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Concello de Viveiro

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 2978/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 2980/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte 2980/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 9 de maio de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Viesgo Comercializadora de Referencia SL**, por un importe total de **6.818,57 €**, que constan no expediente 2980/2017.

Resultando que en data 22 de maio de 2017, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparto formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 6.818,57 €.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetivos, e por non existir contrato administrativo vixente segundo se deduce das resolucións de levantamentos de reparo de facturas enerxía eléctrica expedientes Aldro (III) e Xenera (I) asinadas en data 12 de abril de 2017.

Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa Viesgo Comercializadora de Referencia SL, referidas ao subministro de enerxía eléctrica, e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrencia e publicidade.

Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrencia e publicidade, que abrangan todos os subministros existentes.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da

Concello de Viveiro

entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes.

III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 2980/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 3142/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte 3142/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 18 de maio de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Origen Viveiro SL**, por un importe total de **11.862,94 €**, que constan no expediente 3142/2017.

Resultando que en data 22 de maio de 2017, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparto formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 11.862,94 €.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos

Concello de Viveiro

que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo proveedor.

Tendo en conta que neste momento xa se está a tramitar, no Departamento de Contratación, o expediente para licitar o servizo de limpeza de diversos edificios municipais do Concello de Viveiro, atopándose redactado a día de hoxe un borrador do prego de cláusulas administrativas particulares, que precisa de varias modificacións.

Resultando que o Concello non pode prescindir do servizo de limpeza, que debe continuar realizándose mentres non se remate o expediente de contratación iniciado.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta que xa se atopa en tramitación o expediente de contratación para o servizo de limpeza.

III. Tendo en conta que este servizo resulta indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se remate o oportuno expediente de contratación, é preciso continuar coa súa prestación.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV."

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 3142/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 3272/2017.- CERTIFICACIÓN Nº 1 E FINAL DA OBRA DENOMINADA: "PAVIMENTACIÓN E REPOSICIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NO TREITO INICIAL DO CAMIÑO REAL DE VIEIRO-VIVEIRO".

Vista a certificación Nº 1 e final da Obra denominada: "Pavimentación e reposición da rede de saneamento no treito inicial do camiño real de Vieiro-Viveiro", por importe de 21.577,02 euros, a abonar ó adxudicatario (Carferlo S.L.) emitida polo director de obra e fiscalizada de conformidade por intervención.



Concello de Viveiro

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a certificación Nº 1 e final da Obra denominada: "Pavimentación e reposición da rede de saneamento no treito inicial do camiño real de Vieiro-Viveiro", por importe de 21.577,02 euros, a abonar ó adxudicatario (Carferlo S.L.).

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Intervención, Tesourería e Contratación para o seu coñecemento e efectos.

5.- PROPOSTAS DE GASTOS.

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes: EXPTE. 2947/2017.- EXPTE. 3050/2017.- EXPTE. 3051/2017.- EXPTE. 3092/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

EXPTE. 3195/2017.-

Visto o expediente de contratación CT 12/2017 (Expte. 3195/2017), correspondente á tramitación do contrato menor "Elaboración da RPT do Concello de Viveiro", mediante procedemento de contrato menor.

Visto o borrador de contrato obrante no expediente.

Resultando que consta no expediente documento de RC emitido pola Intervención Municipal polo importe do contrato (21.659,00 €).

Visto o informe da Secretaría coa conformidade da Intervención municipal, coas observacións recollidas no mesmo.

Resultando que se trata dun contrato menor e polo tanto se conta coa posibilidade de adxudicación directa do meso a un empresario que conte con capacidade de obrar, solvencia e habilitación profesional, pretendéndose a contratación coa Universidade de Vigo, UVIGO, con CIF Q-8650002B.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do contrato “Elaboración da RPT do Concello de Viveiro”, xunto co prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas así como a aprobación do gasto, por importe de 21.659,00 euros.

Segundo.- Adxudicar o contrato “Elaboración da RPT do Concello de Viveiro”, á empresa UVIGO, con CIF Q-8650002B, con sede en Vigo, Campus universitario, s/n, por un prazo dun ano e un importe de 21.659,00 €uros IVE incluído, segundo se recolle no borrador de contrato obrante no expediente.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ó adxudicatario. A sinatura do contrato formalizarase no prazo máximo de quince días hábiles dende a notificación do acordo de adxudicación.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, así como ao Servizo de Contratación pra a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

EXPTE. 2172/2017.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO CONTRATO "MELLORA, EFICIENCIA ENERXÉTICA E NOVA INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO EN PÉNJAMO"

Visto o Plan de Seguridade e Saúde presentado por “Otelec Costa Norte, S.L.” referente á obra "Mellora, eficiencia enerxética e nova instalación de alumeado público en Pénjamo".

Visto o informe favorable a este Plan de Seguridade e Saúde emitido pola arquitecta técnica, como coordinadora de seguridade e saúde durante a execución dos traballos do proxecto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación ó Plan de Seguridade e Saúde presentado por “Otelec Costa Norte, S.L.”, referente á obra "Mellora, eficiencia enerxética e nova instalación de alumeado público en Pénjamo".

Segundo.- Notificar este acordo ó Servizo de Contratación para a súa notificación ó interesado.

7.- ENTRONCAMENTO.



Concello de Viveiro

EXPTE. 3232/2017.- AUTORIZACIÓN DE ENTRONCAMENTO Á REDE DE SUMIDOIROS.

Vista a solicitude de D^a. Marina Dovale Cao, e domicilio a efectos de notificación no lugar de San Marcos, 1, Galdo, en Viveiro, para realizar o entroncamento á rede de sumidoiros, para a finca con referencia catastral 4888427PJ348N0001IP, sita en Espiñadas (Faro) s/n, para o tipo de obra: CHIRINGUITO.

Resultando que no informe emitido pola empresa concesionaria deste servizo se recollen os seguintes aspectos:

Rede xeral do posible entroncamento	P.E. Ø 110
Diámetro da acometida	32
Lonxitude da acometida	4 m.
Terreo	Terra.
Observacións	

Resultando que no expediente consta informe emitido polo vixiante urbanístico, de data 25 de maio de 2017, donde sinala que non ten que romper firme de PISTA por encontrarse a toma mesmo na caída á cuneta (según o encargado de VIAQUA).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o entroncamento á rede de sumidoiros solicitado por D^a. Marina Dovale Cao, debendo aboar as taxas municipais correspondentes, por un importe de 14,68 euros, no Banco Sabadel, no número de conta: ES51. 0081. 2146. 98. 0001000001, segundo o art. 5.1 da Ordenanza.

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos de notificación ao Departamento de Tesourería e ós interesados.

EXPTE. 3228/2017.- AUTORIZACIÓN DE ENTRONCAMENTO Á REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA.

Vista a solicitude de D^a. Marina Dovale Cao, e domicilio a efectos de notificación no lugar de San Marcos, 1, Galdo, en Viveiro, para realizar o entronque á rede de abastecemento de auga, para a finca con referencia catastral 4888427PJ348N0001IP, sita en Espiñadas (Faro) s/n, para o tipo de obra: CHIRINGUITO.

Resultando que no informe emitido pola empresa concesionaria deste servizo se recollen os seguintes aspectos:

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

Rede xeral do posible entroncamento	P.V.C. Ø 315
Diámetro da acometida	160
Lonxitude da acometida	4 m.
Terreo	Terra.
Observacións	

Resultando que no expediente consta informe emitido polo vixiante urbanístico, de data 25 de maio de 2017, donde sinala que non ten que romper firme de PISTA por encontrarse a toma mesmo na entrada á finca.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o entronque á rede de abastecemento de auga solicitado por D^a. Marina Dovale Cao, debendo aboar as taxas municipais correspondentes, por un importe de 145,61 euros, no Banco Sabadel, no número de conta: ES51. 0081. 2146. 98. 0001000001, segundo o art. 6.1 da Ordenanza.

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos de notificación ao Departamento de Tesourería e ós interesados.

EXPTE. 1686/2016.- AUTORIZACIÓN DE ENTRONCAMENTO Á REDE DE SUMIDOIROS.

Visto o expediente de entronque á rede de sumidoiros Nº 10/16, tramitado a instancia de D^a. Ana María Rivera Fernández, veciña de Viveiro e con domicilio en Pallaregas, 37, en Covas, Viveiro na que solicita autorización para conexión de alcantarillado á rede de distribución para a vivenda de referencia catastral 00170300PJ13E0002WA sita en Pallaregas, 37. Viveiro.

Resultando que no expediente consta dita solicitude, da que se da traslado ó Concello por parte de VIAQUA, S.A.U., en data 8 de agosto de 2016.

Resultando que no informe emitido pola empresa concesionaria deste servizo se recollen os seguintes aspectos:

Rede xeral do posible entroncamento	PVC Ø 315
Diámetro da acometida	160
Lonxitude da acometida	15 m
Terreo	Terra
Observacións	

Resultando que consta no expediente a presentación de comunicación previa para a realización de ditas obras, contando co visto e prace do arquitecto municipal. Establécese polo arquitecto municipal unha fianza de 300,00 euros en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público.

Concello de Viveiro

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o entroncamento á rede de sumidoiros solicitado por D^a. Ana María Rivera Fernández, debendo aboar as taxas municipais correspondentes no Banco Sabadel, no número de conta: ES51. 0081. 2146. 98. 0001000001, por un importe de 14,68 euros, segundo o art. 5.1 da Ordenanza, e depositar unha fianza para responder da reposición do firme afectado, por un importe de 300,00 euros.

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos de notificación ao Departamento de Tesourería e ós interesados.

EXPTE. 3219/2017.- AUTORIZACIÓN DE ENTRONCAMENTO Á REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA.

Vista a solicitude de D. Manuel Francisco Molina Martín, con domicilio a efectos de notificación en C/ Real 102-3^oC, 28703 San Sebastián de los Reyes, Madrid, para realizar o entroncamento á rede de abastecemento de auga, para a finca con referencia catastral 2433736PJ1323S, sita en Castelo (Magazos), S/N, Viveiro, para o tipo de obra: FINCA.

Resultando que no informe emitido pola empresa concesionaria deste servizo se recollen os seguintes aspectos:

Rede xeral do posible entroncamento	P.E. Ø 63
Diámetro da acometida	32
Lonxitude da acometida	6 m
Terreo	Asfalto
Observacións	Ten que romper asfalto

Tendo en conta que segundo o referido en dito informe é preciso a realización de obras para levar a cabo a acometida, polo que a autorización para dito entronque non pode concederse sen que o interesado teña presentada a comunicación previa ou concedida a oportuna licenza urbanística para a realización das obras precisas para realizar o entronque.

Resultando que consta no expediente a presentación de comunicación previa para a realización de ditas obras, contando co visto e prace do arquitecto municipal. Establécese polo arquitecto municipal unha fianza de 150,00 euros en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:



Concello de Viveiro

Primeiro.- Autorizar o entroncamento á rede de abastecemento de auga solicitada por D. Manuel Francisco Molina Martín, debendo aboar as taxas municipais correspondentes no Banco Sabadel, no número de conta: ES51. 0081. 2146. 98. 0001000001, por un importe de 145,61 euros, segundo o art. 6.1 da Ordenanza, e depositar unha fianza para responder da reposición do firme afectado, por un importe de 150,00 euros.

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos de notificación ao Departamento de Tesourería e ós interesados.

EXPTE. 3222/2017.-

A.- AUTORIZACIÓN DE ENTRONCAMENTO Á REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA.

Vista a solicitude de D. Roberto Antonio Martínez Pedre, con domicilio a efectos de notificación na Avda. del Ferrol, nº 25- En 21, en Viveiro, para realizar o entroncamento de auga, para a vivenda unifamiliar con referencia catastral 376530PJ1336N0002FL, sita en Santo Alvites, s/n, en Viveiro, para o tipo de obra: VIVENDA UNIFAMILIAR.

Resultando que no informe emitido pola empresa concesionaria deste servizo se recollen os seguintes aspectos:

Rede xeral do posible entroncamento	P.E. Ø 63
Diámetro da acometida	32
Lonxitude da acometida	7 m
Terreo	Asfalto
Observacións	Ten que romper asfalto

Tendo en conta que segundo o referido en dito informe é preciso a realización de obras para levar a cabo a acometida, polo que a autorización para dito entronque non pode concederse sen que o interesado teña presentada a comunicación previa ou concedida a oportuna licenza urbanística para a realización das obras precisas para realizar o entronque.

Resultando que consta no expediente a presentación de comunicación previa para a realización de ditas obras, contando co visto e praxe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o entroncamento á rede de abastecemento de auga

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

solicitada por D. Roberto Antonio Martínez Pedre, debendo aboar as taxas municipais correspondentes no Banco Sabadel, no número de conta: ES51. 0081. 2146. 98. 0001000001, por un importe de 145,61 euros, segundo o art. 6.1 da Ordenanza.

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos de notificación ao Departamento de Tesourería e ós interesados.

B.- AUTORIZACIÓN DE ENTRONCAMENTO Á REDE DE SUMIDOIROS.

Vista a solicitude de D. Roberto Antonio Martínez Pedre, con domicilio a efectos de notificación na Avda. del Ferrol, nº 25- En 21, en Viveiro, para realizar o entroncamento á rede de sumidoiros, para a vivenda unifamiliar con referencia catastral 376530PJ1336N0002FL, sita en Santo Alvites, s/n, en Viveiro, para o tipo de obra: VIVENDA UNIFAMILIAR.

Resultando que no informe emitido pola empresa concesionaria deste servizo se recollen os seguintes aspectos:

Rede xeral do posible entroncamento	HORMIGÓN Ø 300
Diámetro da acometida	160
Lonxitude da acometida	4 m
Terreo	Asfalto
Observacións	Ten que romper asfalto

Tendo en conta que segundo o referido en dito informe é preciso a realización de obras para levar a cabo a acometida, polo que a autorización para dito entronque non pode concederse sen que o interesado teña presentada a comunicación previa ou concedida a oportuna licenza urbanística para a realización das obras precisas para realizar o entronque.

Resultando que consta no expediente a presentación de comunicación previa para a realización de ditas obras, contando co visto e prace do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o entroncamento á rede de sumidoiros solicitada por D. Roberto Antonio Martínez Pedre, debendo aboar as taxas municipais correspondentes no Banco Sabadel, no número de conta: ES51. 0081. 2146. 98. 0001000001, por un importe de 14,68 euros, segundo o art. 5.1 da Ordenanza.

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para o seu

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

coñecemento e efectos de notificación ao Departamento de Tesourería e ós interesados.

PUNTOS INCLUIDOS NA ORDE DO DÍA POR URXENCIA.

Por parte do concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, propónse a inclusión na presente sesión da Xunta de Goberno Local, dun asunto de carácter urxente:

- Aprobación das bases xerais, específicas e convocatoria de selección de persoal laboral temporal en base á resolución de concesión de subvención ao abeiro da Resolución do 29 de decembro de 2016 da Axencia de Turismo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar a urxencia do asunto proposto para a inclusión na presente sesión, tendo en conta que o persoal a seleccionar debe estar contratado (segundo o establecido na resolución da subvención) antes do 15 de xuño de 2017, asunto que se relaciona a continuación, segundo o expediente ao que pertence:

EXPTE. 1025/2017.-

Vistas as bases xerais e os seus anexos para a selección de persoal laboral temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro, na oficina de turismo, con cargo á subvención outorgada segundo a resolución de 29/12/2016 da Axencia de Turismo de Galicia.

Vistas as bases específicas para a selección de persoal laboral temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro, na oficina de turismo, con cargo á subvención outorgada segundo a resolución de 29/12/2016 da Axencia de Turismo de Galicia.

Resultando que consta no expediente informe de Intervención sobre a existencia de consignación orzamentaria para a referida contratación.

Resultando que consta no expediente informe do Departamento de Persoal previo á aprobación das referidas bases.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar as bases xerais e os seus anexos para a selección de persoal laboral temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro, na oficina de turismo, con cargo á subvención outorgada segundo a resolución de 29/12/2016 da Axencia de Turismo de Galicia.

Segundo.- Aprobar as bases específicas para a selección de persoal laboral temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro, na oficina de turismo, con cargo á subvención outorgada segundo a resolución de

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

29/12/2016 da Axencia de Turismo de Galicia.

Terceiro.- Convocar o correspondente proceso selectivo a rexir polas bases referidas nos puntos anteriores e publicar a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, publicándose as bases na páxina web do Concello e no taboleiro de edictos municipal.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Persoal para a continuidade do expediente.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:00 horas do día 29 de maio de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.